

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	FRANCÉS	CURSO	2ºESO
CURSO ACADÉMICO	2018-2019	PROFESOR	ANA REGO GARCÍA

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais (uso do contexto verbal e non verbal, uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, identificación de palabras clave, adaptación da escoita a súa finalidade, identificación dos recursos adquiridos, inferencia do significado probable das palabras...)	SLEB1.1 Comprende preguntas básicas moi sinxelas
B1.2 Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.	SLEB1.2 Comprende frases e expresións habituais de necesidades inmediatas
B1.3 Perseveranza no logro da comprensión oral	SLEB1.3 Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves
	SLEB.4 Comprende a información esencial en conversas breves.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1 Uso de estratexias de produción oral (planificar: identificar o contexto, adecuar o texto ó destinatario. Executar: concibir a mensaxe, activar os coñecementos previos, expresar a mensaxe..Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos: modificar palabras, pedir axuda...e paralingüísticos: sinalar, linguaxe corporal...)	SLEB2.1 Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira
B2.2 Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas	SLEB2.2 Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas
B2.3 Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación	SLEB.2.3 Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais para a súa idade e o seu nivel escolar
	SLEB2.4 Participa en conversas informais breves e moi básicas
	SLEB2.5 Preséntase, da e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre servizos como horario dun museo...

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1 Estratexias de comprensión escrita: (mobilización da información, identificación, distinción de tipos de comprensión, formulación de hipóteses sobre contido e contexto ..)	SLEB3.1 Comprende textos adaptados a temas do seu interese
B3.2 Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado, a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas	SLEB3.2 Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas con apoio visual
	SLEB3.3 Comprende información básica e sinxela
	SLEB3.4 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1 Estratexias de produción escrita: planificación (uso de modelos coñecidos para elaborar os propios textos) execución e revisión.	SLEB4.1 Elabora textos sinxelos a partir de modelos
	SLEB4.2 Completa cuestionarios moi básicos
	SLEB4.3 Escribe tarxetas postais felicitacións moi sinxelas
	SLEB4.4 Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B5.1 Les voyelles nasales Les sons /ch/,/k/,/s/ La voyelle /e/ L´accent tonique L´interrogation Les voyelles nasales Les sons:/s//ks//g/ Le tréma Les sons /k//g//ij//il/	SLEB5.1 Identifica sons e grafías de fonemas básicos
B5.2 Uso das normas básicas de ortografía da palabra e da oración	SLEB5.2 Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básica e mostra respecto polas diferencias culturais.

<p>B5.3 Un peu de sport et quelques loisirs La France gourmande Planète jeunes! Le lèche-vitrine Des fêtes pour tout le monde! À table</p>	
<p>B5.4 Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece</p>	<p>SLEB5.2 Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básica e mostra respecto polas diferenzas culturais. SLEB5.3 Toma en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas SLEB5.4 Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas</p>

<p>B5.5 Funcións comunicativas (révision 1ºESO): demander (le nom, l'âge, d'où on vient, où on va, les matières scolaires, à qui est, qui est-ce...) et répondre.</p> <p>Parler au téléphone Fixer un rendez-vous Accepter ou refuser un rendez-vous Demander la permission Donner ou refuser la permission Donner des conseils ou des ordres et répondre Parler d'alimentation Exprimer ses goûts en matière d'alimentation Offrir quelque chose à quelqu'un Accepter et remercier Refuser et remercier Demander quelque chose poliment Demander et indiquer le chemin Demander et dire où se trouve un lieu, un édifice Parler de la santé Demander et donner des conseils Demander et dire l'âge Exprimer la durée Demander et indiquer le prix Demander des informations sur les horaires et répondre Proposer, accepter ou refuser quelque chose Demander et indiquer la possession S'excuser et accepter des excuses S'informer sur les capacités de quelqu'un et répondre Écrire une invitation ou une carte de vœux Demander et donner les ingrédients d'une recette Donner une recette Raconter des événements passés Exprimer une intention</p>	<p>SLEB5.4 Comprende e comunica utilizando o léxico e estrutura traballado previamente</p>
<p>Décrire un jeu Exprimer un jugement</p>	<p>SLEB5.5 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico moi básicos e traballados previamente</p>



<p>B5.6 Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: descrições físicas, vestimenta... léxico de clase, habitación... Une balade en ville Les aliments Le corps humain Les maladies Les animaux domestiques et de compagnie Où dorment les animaux Les utensiles de cuisine Les quantités Les verbes des recettes Il est temps de s'amuser Quel temps fait-il? En famille</p>	<p>SLEB5.5 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico moi básicos e traballados previamente</p>
<p>B5.7 A interrogación, o plural, o feminino, o adxectivo demostrativo, as preposicións...(repaso 1º) Le pronom on</p>	<p>SLEB5.5 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico moi básicos e traballados previamente</p>

Les pronoms personnels réfléchis Chez ou à? Il faut L'impératif négatif Quelques verbes: attendre et devoir Les articles partitifs(1) Le pronom indéfini rien Les pronoms relatifs qui-que Je voudrais Particularités des verbes du 1 groupe: commencer, manger, préférer Les adjectifs numéraux ordinaux Les pronoms COD Oui/si/n'est-ce pas/pas du tout Les verbes pour indiquer le chemin Particularités des verbes du 1 groupe: acheter Quelques verbes: boire, descendre Les articles partitifs(2) Combien... combien de... Très, beaucoup ou beaucoup de? Le féminin Le pluriel Les adjectifs beau, fou, nouveau et vieux Expressions de temps(1) à, de ...à, dans Particularités des verbes du 1 groupe: payer Quelques verbes: cuire, vendre Les pronoms COI Ce/il+être Expression de temps(2): dans, le..., en/au Le futur proche Quelques verbes: écrire, lire Les pronoms relatifs qui, que, où, dont Les adverbes de manière en -ment Le participe passé Le passé composé L'accord du participe passé Quelques verbes: dormir, recevoir, répondre	
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios son os contemplados no DOGA 86/2015 25 de xuño.

Realizarase alomenos unha proba escrita por avaliación.

Criterio de corrección e de valoración de exames

A ou as probas escritas terán un valor do 70% .

Na proba farase constar o valor de cada cuestión ou parte da mesma

Si se realizan dúas probas escritas, farán media para a nota da avaliación.

Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (écoute), unha pregunta de comprensión escrita, unha pregunta de expresión escrita e as outras preguntas sobre léxico, gramática, ...

Valoración de probas orais

A comprensión e expresión oral ten unha gran importancia nunha lingua estranxeira. O alumno ten que intentar empregar unha linguaxe comprensible prestando atención a pronuncia, entoación e fonética. Non haberá unha proba oral específica e a nota neste apartado (baseada na observación) é de 1pt (0,5 comp. Oral e 0,5 exp. Oral) . Na valoración deste punto terase en conta a participación diaria nas actividades orais de aula, individuais ou de grupo e o esforzo individual para comprender e falar en francés..

Valoración dos exercicios

Os exercicios ou traballos realizaranse na casa e na clase. Son actividades do “*cahier d’activités*”, redacións , diálogos, actividades on line e outros realizados na libreta ou en folios a parte para entregar.

Valorarase a realización das actividades e a presentación das mesmos.

Os traballos ou exercicios que se realicen na casa deberán ser entregados na data fixada

Estes exercicios ou traballos (Comp.e Exp. escrita) supoñen un 10% da nota. (1pt)

Avaliarase este apartado mediante a observación diaria na clase, se non entregan algún traballo solicitado polo profesor, a puntuación que se restará dependerá do nº de traballos solicitados en cada avaliación (se son 2 (0,5 +0,5), se son 4 (0,25)...

Valoración das actitudes

O valor das actitudes é dun 10% (1pt). Para acadar este punto é necesario mostrar unha actitude positiva polo uso do francés, Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas e amosar respecto e interese polas diferenzas culturais e traer o material solicitado. O instrumento para poder avaliar as actitudes é a observación diaria na clase.

Redondeo

Cando a nota final sexa unha cifra decimal redondearase sempre cara o número natural máis próximo.

A partir do medio punto redondearase cara a nota superior en cada avaliación.

Para recuperar unha avaliación suspensa o alumno deberá superar a seguinte avaliación. No caso da terceira avaliación haberá unha recuperación para o alumno que a suspenda. A nota da 3ª avaliación será a nota final

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 10. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (1,5pt), comprensión escrita (1,5pt), expresión escrita (1,5pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts). Tamén constará dunha pequena proba de expresión oral (co examinador ou entre dous compañeiros) (1,5pt).

Este exame escrito puntuarase sobre 10. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior.

AVALIACIÓN DE PENDENTES

Os contidos exixidos son os correspondentes os contidos mínimos do curso a recuperar.

Os alumnos con francés suspenso deberán realizar tarefas e exercicios adaptados ás súas necesidades. Estes exercicios serán os mesmos ou parecidos ós do curso que suspenderon e sacados do libro do alumno ou do cahier d'activités Entregaránelles por trimestre, de tal xeito que se os realizan correctamente conseguirán 3pts (1pt por trimestre) . O seguimento dos alumnos suspensos quedará reflexado na ficha do profesor e nas actas de departamento.

Todos os alumnos con francés suspenso do curso anterior, aparte de entregar os traballos mencionados anteriormente, teñen varias posibilidades para superar a materia:

-Presentarse ás probas de avaliacións cos alumnos do curso suspenso e se as superan terán a materia aprobada. Puntuarase segundo as normas do curso.

-Presentarse no mes de maio ao exame de pendentos con toda a materia Terán que facer o exame de maio todos os alumnos que non se presenten por avaliacións, ou aínda presentándose non acadaron o aprobado. Con este exame conseguirán un 70% da nota xa que o outro 30% é o do traballo que entregaron por trimestre.

-Se se esforzan e superan a materia do curso superior, terán desta forma tamén aprobado o curso anterior que estaba suspenso.

a. Como se elabora a cualificación final.

O 70% da nota é o exame escrito e o 30%, os exercicios entregados por trimestre. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior

b. Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 7. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de: comprensión y expresión oral (1pt), comprensión escrita (1pt), expresión escrita (1pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts).



PROMOCIÓN

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.